




IV – QUE SABEMOS?: os coñecementos previos aprendizaxe significativa – técnicas e dinámicas

1.- Os coñecementos previos: a súa importancia na aprendizaxe significativa:

Un dos momentos máis importantes dun proxecto de traballo, e que está presente nun primeiro momento, fai referencia ós coñecementos previos, xa que estes serán a base que permitirá que se produzan verdadeiros aprendizaxes significativos por parte do alumnado.

Os proxectos de traballo establécense desde a base de que a aprendizaxe non se pode entender como un proceso de acumulación de coñecementos, senón como un proceso de construción do coñecemento a partir das ideas previas, a través da aprendizaxe significativa.

Desde esta filosofía nun proxecto de traballo partiremos dos coñecementos iniciais do alumnado, dos cales o propio alumno será consciente, para enfrontalo a novos coñecementos (xa sexa porque os descoñece ou porque xorden dos outros e chocan cos propios). Estes novos coñecementos entrarán en conflito coas ideas previas dando lugar a “conflictos cognitivos” o que permitirá que se reconstrúa o seu coñecemento inicial (reorganización dos esquemas cognitivos) e transforme nun novo (incluíndo as novas aportacións)



Con estas premisas parece evidente que o papel dos coñecementos previos, e dun profundo traballo cos mesmos, permitirá que a través do contraste de ideas xurdan os conflitos que lle permitan levar a cabo verdadeiras aprendizaxes significativas.

Por outra banda, estas ideas previas permitirán que o final do proceso poidamos facer unha reflexión do punto de partida e de “todo o que se aprendeu polo camiño”.

2.- Técnicas e dinámicas para a recopilación dos coñecementos previos: (que sabemos?)

Existen moitas técnicas e dinámicas que podemos empregar nun proxecto de traballo para obter os coñecementos previos do alumno, calquera técnica pode servirnosa, sempre e cando o alumno sexa consciente en todo momento de que se trata dos seus coñecementos e que teña un papel activo no proceso.

Unha vez empregada unha ou varias das técnicas, deberemos plasmar as ideas previas do grupo no mural da investigación (ou método que esteamos a empregar), reformulando as ideas para plasmar de forma concreta os coñecementos de todo o grupo, chegando a acordos e deixando constancia, no caso de habelas, das ideas enfrontadas que poidan xurdir. Lembrando sempre que *non hai coñecementos equivocados senón coñecementos en construción*.



PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

Entre as técnicas existentes propoñemos as seguintes (algunhas delas poden empregarse en distintas fases dun proxecto):

- Remuíño ou choiva de ideas (brain-storming)

Cada alumno propón libremente as ideas que ten sobre un tema e vanse anotando no encerado, con tódalas ideas chegamos a acordos para plasmar as ideas previas do grupo, xa redactadas de forma precisa no noso mural.

- Debates e diálogos en grupo:

A través de diálogos e grupo van xurdindo ideas sobre o tema en cuestión a través de acordos grupais, iranse anotando estas ideas previas no mural ou lugar elixido a tal fin.

- Cuestionarios dos compañeiros ó resto con debate posterior dos resultados.

De forma individual ou en pequenos grupos o alumnado elabora unha serie de cuestionarios con preguntas sobre o tema do proxecto, ás que logo deberán dar resposta o resto dos compañeiros/as. A través destas resposta e o debate posterior conseguiremos plasmar os coñecementos previos do grupo.

- Cuestionario elaborada previamente polo mestre/a, con debate posterior dos resultados.

Variante da técnica anterior, pero neste caso é o propio mestre/a quen elabora o cuestionario, incluíndo preguntas “polémicas” ou que “creen conflito” que dean lugar a que o alumando afonde en aspectos concretos da temática. De forma análoga ó anterior a través do debate podemos chegar a plasmar os coñecementos previos do grupo.

- Documentos colaborativos online

Empregando sistemas como google drive, que permite crear documentos colaborativos, podemos crear un documento para cada unha das fases do proxecto, de xeito que o alumnado aporte as súas ideas previas incluso fora da aula. Con este documento poderemos traballar posteriormente para elaborar un listado dos coñecementos previos do grupo.

- Texto ou debuxo con erro

Pode empregarse como técnica para facer xurdir un tema concreto e a partir dela conseguir os coñecementos previos do grupo, plantexando unha imaxe, debuxo ou texto que conteña un erro sobre unha temática concreta, pero que de lugar á “dúbida” e ó debate, de forma que xurdan os coñecementos previos sobre o tema para a súa posterior plasmación.

- Mapas conceptuais:

Elaborar entre todos e todas un mapa conceptual do que sabe o grupo, partindo das aportación que cada quen vaia facendo ó mesmo. Permitirá facer evidentes ó alumnado as ideas previas enfrontadas entre os compañeiros así como as “lagoas” existentes nunha temática, que poderemos empregar na seguinte fase do proxecto (que queremos saber?)

- Dilemas

Con estrutura similar ós debates e diálogos pero enfrontándoos ante un dilema que precise solución. De forma individual ou grupal irán xurdindo diferentes hipóteses e teorías, a partir das que poderemos plasmar os coñecementos previos do grupo.



PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

- Experiencias discrepantes

Partindo de experiencias reais con resultados discrepantes levadas a cabo (ou vividas) polos alumnos e alumnas, podemos levar a cabo unha reflexión que nos permita afondar nos coñecementos previos do grupo en relación as hipóteses que se plantexen para a súa solución.

- redes de ideas (red conceptual):

Similares na súa construción ós mapas conceptuais, as redes de ideas non son xerárquicas e todos os contidos están relacionados dentro dunha especie de “tea de araña” pechada, establecéndose interrelación entre os elementos que a forman. A través destas redes podemos reflexionar sobre o que se sabe sobre unha temática a través do plasmado na rede de ideas.

- Elaboración de conclusións por grupos ou/parellas

Partindo do propio tema, ou dunha parte do mesmo, por grupos ou parellas o alumnado elabora conclusións redactadas sobre o mesmo, comunicándollos ó resto dos compañeiros facendo xurdir ideas enfrontadas. Deste xeito poderemos ir plasmando as ideas previas xa non só do grupo que elaborou a conclusión senón tamén dos restantes compañeiros/as coas súas aportacións.

- Creación de grellas (parrillas)

Con estrutura de táboa poderemos organizar os coñecementos sobre un tema organizando os contidos en diferentes celdas e categorías, o que nos permite coñecer os coñecementos previos do grupo.

- Elaboración de esquemas:

Partindo da elaboración dun esquema sobre o tema, de forma individual ou grupal, conseguiremos acceder ós coñecementos previos sobre o mesmo. Reelaborando estes esquemas, xunto cos dos restantes grupos, poderemos plasmar as ideas previas do grupo.

- Caixa das preguntas:

Unha caixa que contén unha serie de preguntas sobre o tema, pode servir como xogo a partir do cal ir conseguindo acceder ós coñecementos previos do grupo sobre o tema.

- Técnica 1-2-4:

Partindo dunha pregunta/tema, un grupo de catro alumnos chegan a un consenso cunha resposta. Inicialmente escriben a súa resposta de forma individual, logo compártena dous a dous e finalmente ambas parellas acordan unha única resposta do grupo. Deste xeito poderemos ir achegándonos ós coñecementos previos dos grupos sobre un tema.

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)